



BASES REGULADORAS PARA A COLOCACIÓN DE POSTOS NA III ROMARÍA FEMINISTA DE BARBADÁS

PRIMEIRO. Obxecto.

As presentes bases teñen por obxecto fixar os criterios que rexen a autorización e a instalación dos postos temporais na III Romaría Feminista do Concello de Barbadás.

O concello de Barbadás, a través da Concellaría de Igualdade, organiza a III Romaría Feminista de Barbadás que ten por obxecto reflexionar sobre distintos aspectos relativos á igualdade de xénero, promocionar e visibilizar o papel da muller nas diferentes disciplinas artísticas, así como, poñer en valor todas as actividades realizadas por mulleres no eido creativo, artístico, comercial, asociativo, etc.

SEGUNDO. Data, localización e horario de ocupación.

A III Romaría Feminista terá lugar o sábado 3 de setembro no parque dos Carrís da Valenzá (ao carón do Polideportivo Municipal).

O horario de ocupación autorizado será dende as 9:00h da mañá ata a hora de remate dos concertos na noite do día 3 de outubro de 2022

TERCEIRO. Condicións para instalación do posto.

- Poderán poñer un posto, todas as mulleres que desexen amosar a súa actividade, podendo ser esta de carácter artístico, artesanal, comercial, informativo ou outro que se considere acaído en relación ao obxecto da Romaría, ate completar aforo.
- A montaxe e o desmorte dos postos deberá cumprir o seguinte horario:
 - Montaxe: De 9 a 11 da mañá do 3 de setembro, salvo autorización expresa da Área de Igualdade para alterar o horario establecido.
 - Desmorte: Non se permitirá o desmorte ata as 21.00h. Durante os concertos poderase manter o posto e non se permitirá a entrada de vehículos no recinto ata o remate
- As mulleres que poñan un posto, deberán instalalo obrigatoriamente antes das 11h da mañá do propio día da celebración da Romaría. No caso de incumprimento desta condición, sen previa comunicación á organización, entenderase automaticamente revocada a autorización para a colocación do posto. Calquera incidencia deberá ser comunicada por escrito á organización cun mínimo de 72 horas antes da celebración do evento.
- Os postos deberán reunir as debidas condicións de estabilidade e seguridade sen que polas súas características ou modo de instalación poidan supor un risco para as persoas usuarias, viandantes ou para os bens públicos e/ou privados. O Concello non se fai responsable dos





materiais, produtos ou mobiliario achegados por cada participante nin dos danos que nestes se podan xerar.

- Cada persoa solicitante terá a obriga de contar co seu propio mobiliario, carpa, ou material que precise, facéndose cargo da súa montaxe e desmonte. O Concello só facilitará o espazo
- A limpeza do espazo ocupado, así como, a recollida de residuos que se xeren como consecuencia do uso que se solicita, deberá ser asumida pola persoa titular da autorización e o lugar utilizado deberá quedar nas mesmas condicións nas que se atopou, xa que a xornada se desenvolve nun entorno natural.
- Cada posto deberá contar con algún detalle de cor lila.
- As medidas máximas de ocupación dos postos serán de 3x3m
- Terá preferencia de acceso o comercio local de Barbadás rexentado por mulleres
- Non se admitirán postos relacionado co sector hostaleiro, agás doces e repostería

CUARTO. Inscripción

Para poder poñer un posto é obrigatoria a inscrición. As solicitudes presentaranse no modelo normalizado recollido como anexo I nestas bases, xunto coa seguinte documentación:

- Copia do CIF ou NIF da persoa solicitante
- Copia do NIF da persoa que figurará como responsable do posto
- Certificado de Situación Censal ou, no seu defecto, Declaración Censal de Alta (modelos 030, 036 ou 037) e declaración responsable de que estará de alta na data da Romaría
- Copia do seguro de responsabilidade civil e recibo de pagamento da póliza en vigor
- En caso de ser un posto relacionado coa alimentación (doces e repostería): Anexo II

A data límite para a presentación de solicitudes será o **10 de agosto de 2022**.

As instancias, dirixidas ó Concello de Barbadás, sita na rúa Cimadevila, 1 – 32890 Barbadás (Ourense), presentaranse no rexistro do concello ou pola Sede Electrónica do Concello de Barbadás

Unha vez rematado o prazo de solicitudes, confirmarase a aceptación da solicitude mediante o correo electrónico aportado na instancia pola persoa solicitante, onde se lle indicará a cada unha das inscritas o número asignado para a colocación do posto no espazo correspondente.

QUINTO. Normas xerais

A participación cun posto na III Romaría Feminista de Barbadás supón a aceptación das presentes bases, así como, a aceptación do criterio que estableza a organización para resolver cantas cuestións se producisen durante o desenvolvemento da Romaría Feminista.





CONCELLO DE BARBADÁS

Para calquera dúbida ou para ampliar información:

Concellería de Igualdade
Centro de Información á Muller (CIM)
Barrio Fornos, 4- 32890 Barbadás
Tel. 988222251 email: igualdade@barbadas.gal

En Barbadás, 30 de maio de 2022





ANEXO I

SOLICITUDE DE COLOCACIÓN DE POSTO NA II ROMARÍA FEMINISTA DE BARBADÁS

PERSONA RESPONSABLE DO POSTO	
NOME:	
DNI:	
TELEFONO/S DE CONTACTO:	
EMAIL	
NOME DA EMPRESA, ASOCIACIÓN, ENTIDADE,	
MEDIDAS DO POSTO:	

INFORMACIÓN SOBRE O POSTO
Tipo de material que se vai expoñer/presentar, ...

OUTRAS OBSERVACIÓNS

A persoa interesada declara:

- Estar ao corrente coas obrigas tributarias fronte á Axencia Estatal Tributaria (AEAT)
- Estar ao corrente coas obrigas tributarias fronte á Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA)
- Estar ao corrente coas obrigas fronte á Tesourería da Seguridade Social (TXSS)
- Estar ao corrente coas obrigas tributarias fronte ao Concello de Barbadás

A persoa solicitante declara baixo a súa responsabilidade que son certos os datos consignados neste documento e declara coñecer o contido das bases reguladoras para a colocación de postos na III Romaría Feminista de Barbadás e comprométese ao seu cumprimento

En Barbadás, a de de 2022

Sinatura da solicitante

Declaro que, fun informada, nos termos do disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, da incorporación dos meus datos persoais ao rexistro de actividades de tratamento de datos, cuxo responsable é o Concello de Barbadás como entidade organizadora da II Romaría Feminista, e, en especial, do dereito que me asiste a exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición e portabilidade respecto de tales datos, así como a retirar o meu consentimento en calquera momento e a presentar unha reclamación ante a autoridade de control.

En consecuencia, sendo coñecedora de tal información e dereitos, manifesto a miña conformidade para a súa efectiva incorporación ao dito rexistro.





ANEXO II

DECLARACIÓN RESPONSABLE SOBRE CONDICIÓN HIXIÉNICAS E TÉCNICO-SANITARIAS PARA A ACTIVIDADE DE VENDA DE ALIMENTOS DE CARÁCTER TEMPORAL (DOCES E RESPOSTERÍA)

PERSONA RESPONSABLE DO POSTO	
NOME:	
DNI:	
TELEFONO/S DE CONTACTO:	
EMAIL	
NOME DA EMPRESA, ASOCIACIÓN, ENTIDADE, ...:	

Formulo a seguinte declaración responsable:

- O establecemento de referencia cumpre con todos os requisitos establecidos na normativa sanitaria de aplicación.
- Cumprirán coas prácticas correctas de hixiene durante o exercicio da actividade.
- Porá a disposición da autoridade sanitaria os xustificantes de orixe dos alimentos (registro de provedores)
- A persoa que manipula alimentos dispón da documentación que xustifique a súa formación como tal e/ou experiencia acreditada.
- A actividade conta cos preceptivos permisos e licenzas esixibles por outras administracións e organismos públicos e cumpre coa normativa sectorial vixente de aplicación.
- Comprométese á retirada voluntaria do consumo e posterior destrución daqueles produtos que non reúnan as condicións hixiéntico-sanitarias adecuadas colaborando coa autoridade sanitaria correspondente.
- Non encherá envases orixinais unha vez abertos e o transvasamento de alimentos a envases máis pequenos aptos para uso alimentario realizarase en condicións de salubridade adecuadas.

Barbadás, de de 2022

Asdo:

DNI:

